CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 18 DE XULLO DE 2023

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

**ASISTENTES:**
D. Diego Alcantarilla Rei
D.ª María Dolores Pan Lesta
Dª Maria Mercedes Prieto Lamas
D. Daniel Mallo Castro
Dª Patricia María Parcero Quiñoy
D. David López Saborido

**NON ASISTE:**

D. Juan González Leirós

**SECRETARIA XERAL:**

D.ª Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezaoito de xullo do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión constitutiva baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Alcantarilla Rei, Dª. María Dolores Pan Lesta, Dª. Maria Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, Dª. Patricia María Parcero Quiñoy e D. David López Saborido.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Juan González Leirós.

Actúa como secretaria xeral, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO DÍA 7 DE XULLO DE 2023 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 12 DE XULLO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión constitutiva celebrada en data 7 de xullo de 2023 e á acta da sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 12 de xullo de 2023, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declóranse aprobadas as actas da sesión constitutiva realizada en data 7 de xullo de 2023 e da sesión extraordinaria e urxente realizada en data 12 de xullo de 2023.

## 2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de 1 de xuño de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concurrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975P). DOG núm. 112, do 14-06-2023.

- Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de 1 de xuño de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal para a construcción de novos puntos limpos fixos, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concurrencia non competitiva para os anos 2023, 2024 e 2025 (código de procedemento MT975Q). DOG núm. 112, do 14-06-2023.

- Orde da Consellería de Política Social e Xuventude, de 12 de xuño de 2023, de modificación da Orde de 19 de outubro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo programa FSE+Galicia 2021-2027, e se realiza á súa convocatoria (código de procedemento BS700A). DOG núm. 117, do 21-06-2023.

- Resolución número 2023/24115, de data 15 de xuño de 2023, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións programa F0023B: convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña, exercicio 2023. BOP núm. 115, do 19-06-2023.

- Real decreto 524/2023, de 20 de xuño, do Ministerio do Interior, polo que se aproba a Norma básica de Protección Civil. BOE núm. 147, do 21-06-2023.

- Instrución 6/2023, de 21 de xuño, da Xunta Electoral Central, sobre distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública e de delegación nas Xuntas Electorais Provinciais das competencias previstas no artigo 65.5 LOREG, en relación coas eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado, que se celebrarán o 23 de xullo de 2023. BOE núm. 148, do 22-06-2023.

- Candidaturas proclamadas para as eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado, convocadas polo Real decreto 400/2023, de 29 de maio. BOE núm. 152, do 27-06-2023.

- Instrución 7/2023, da Xunta Electoral Central, de 28 de xuño, de modificación da súa Instrución 6/2011, de 28 de abril, sobre interpretación do artigo 27.3 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, sobre impedimentos e escusas xustificadas para os cargos de presidente e vogal das mesas electorais. BOE núm. 154, do 29-06-2023.

- Resolución da Presidencia da Xunta Electoral Central, de 28 de xuño de 2023, pola que se publica a distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública de ámbito nacional en relación coas eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado de 23 de xullo de 2023. BOE núm. 154, do 29-06-2023.

- Resolución da Presidencia da Xunta Electoral Central, de 28 de xuño de 2023, pola que se toma coñecemento do Plan de cobertura informativa da Corporación RTVE para as eleccións xerais a celebrar o 23 de xullo de 2023. BOE núm. 154, do 29-06-2023.

- Orde da Consellería de Política Social e Xuventude, de 23 de xuño de 2023, pola que se modifica a Orde de 27 de abril de 2023, pola que se regulan as bases que rexerán a concesión das subvencións ás entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa de voluntariado sénior e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento BS508C). DOG núm. 125, do 03-07-2023.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña, de 3 de xullo de 2023, polo que se acorda a publicación da Comisión de Radio e Televisión para as eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado, convocadas polo Real decreto 400/2023, de 29 de maio. DOG núm. 127, do 05-07-2023.

- Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña, de 3 de xullo de 2023, polo que se fai pública a distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral, nos medios de comunicación de titularidade pública, a prol das entidades políticas concorrentes ás eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado convocadas polo Real decreto 400/2023, de 29 de maio, efectuada pola Comisión de Radio e Televisión o día 30 de xuño de 2023 e aprobada pola xunta electoral provincial o 3 de xullo. DOG núm. 127, do 05-07-2023.

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO206: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura en 2023. BOP núm. 127, do 05-07-2023.

- Resolución de 4 de xullo de 2023, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do pleno, de 29 de xuño de 2023, polo que se aproba a instrución relativa á fiscalización das contabilidades das eleccións a Cortes Xerais de 23 de xullo de 2023. BOP núm. 160, do 06-07-2023.

- Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital de 5 de xullo de 2023, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financiera, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 161, do 07-07-2023.

- Decreto 112/2023, de 29 de xuño, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2024. DOG núm. 135, do 17-07-2023.

## 3.- PROPOSTAS

### 3.1. PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DO SERVIZO DE "IMPARTICIÓN DO CURSO OFICIAL DE MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE, DO PROGRAMA TRANS-FORMATE", AO CURSO 2023-24. EXPEDIENTE NÚMERO 2021/C004/000015

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 7 de xullo de 2023 (CVD: LKwXoejfPwarFXioo4JN), que transcrita di:

**"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 28.12.2021 adxudicou o servizo de "Impartición do curso oficial de monitor de actividades de tempo libre, do programa Trans-formate, a realizar non Concello de Cambre nos cursos 2021-22 e 2022- 23, con opción de prórrogas anuais para impartir nos cursos 2023-24 e 2024- 25)", a favor da empresa "A Billarda, S.L.", no prezo ofertado prezo total ofertado de 12.540,00

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

euros (exento de IVE) para dous anos de vixencia do contrato, sendo o prezo anual de 6.270,00 euros (exento de IVE).

Visto o informe do coordinador de actividades culturais e educativas do 12.06.2023 (CVD: yu5OPD8mAi7QTB75kQPr), que, entre outras cousas, di:

> *"(…) Que a empresa axudicataria cumpríu o antedito contrato, polo que non se atopa ningún impedimento para que se leve a cabo a prórroga do contrato un curso (escolar) mais (2023-2024)".*

Visto o informe da técnica de xestión de administración xeral, Verónica María Otero López, coa conformidade da secretaria xeral, de data 23.06.2023 (CVD: EmLaccgzWv8S/lB/XiVF), no que conclúe:

> *"No suposto examinado, o prazo de duración xa está vencido polo que se informa desfavorablemente a súa prórroga.*
>
> *En calquera caso, de ser outro o criterio do órgano de contratación, deberase incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola intervención municipal".*

Visto o informe emitido pola interventora municipal con data do 06.07.2023 (CVD: 9s9GTcEXvBi/hDM/BXBe) no que conclúe:

> *"Fiscalízase de disconformidade a prórroga do contrato de servizo de impartición do curso oficial de monitor/a de actividades de tempo libre do programa trans-fórmate a realizar no Concello de Cambre prevista na cláusula 9 de PCA, polos seguintes* ***motivos****:*
>
> > *- A non definición por parte dos PCA do período que se considera "curso" impide a esta intervención comprobar se o preaviso producíuse, polo menos, con dous meses de antelación ao remate do prazo de duración do contrato (art. 29.2 da LCSP).*
> >
> > *- Non consta a proposta en firme da empresa A Billarda SL relativa a que o desenvolvemento dos cursos de Monitor de tempo libre farase cumprindo, polo menos, as condicións establecidas no proxecto inicial para os anos anteriores concretando ademáis a programación definitiva e actividades concretas a desenvolver co persoal do Departamento de Mocidade municipal (cláusula 19.4 PCA e 7 PPT)".*

Visto o documento de retención de crédito asinado pola interventora municipal con data do 06.07.2023 (CVD: V6lNJe7dWkzZvhlJSFFa) con cargo á aplicación orzamentaria 337 22606, por importe de 6.270 euros, no que se certifica *"Que para la(s) aplicación(es) que figura(n) en este documento (o su anexo), existe Saldo de Crédito Disponible, quedando retenido el importe que se reseña".*

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Prorrogar o contrato do servizo de "Impartición do curso oficial de monitor de actividades de tempo libre, do programa Trans-formate", adxudicado á empresa "A Billarda, S.L.", ao curso escolar 2023-2024, no prezo adxudicado de 6.270 euros, con estrita suxeción ás condicións establecidas no pregos de cláusulas administrativas (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT) que rexen esta contratación, concretando ademáis a

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

programación definitiva e actividades concretas a desenvolver co persoal do Departamento de Mocidade municipal (cláusulas 19.4 PCAP e 7 PPT).

**Segundo:** Dar traslado desta resolución, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato, o coordinador de actividades culturais e educativas, e á intervención municipal.

**Terceiro**: Notificar esta resolución á empresa adxudicataria.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 7 de xullo de 2023 (CVD: LKwXoejfPwarFXioo4JN), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DA CONTRATACIÓN ARTÍSTICA E PRODUCIÓN DO VII FESTIVAL TEMPLE JAZZ 2023. EXPEDIENTE NÚMERO 2023/C004/000017**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 7 de xullo de 2023 (CVD: +W8Qz55saOK4i9dU+PDC), que transcrita di:

**"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria do día 26.05.2023, aprobou o expediente da contratación artística e produción do VII Festival Temple Jazz 2023 (expediente TEDeC 2023/C004/000017), publicándose na PLACSP o anuncio de licitación con data do 29.05.2023, coa correspondente apertura do procedemento de licitación.

Vista a acta da sesión do órgano de asistencia designado neste expediente, celebrada con data do 15.06.2023 (CVD: Wq8bDDLobbM/q1B2Mkrn), que di:

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

*"(…)Según se deriva del documento "lista de licitadores" generado por la plataforma de contratación del sector público (Código seguro de verificación: Z/L94_BRHQH_ILTBA_10848), consta un único licitador (el mismo) en cada uno de los lotes:*

**LISTADO DE LICITADORES**

**LICITADOR:** 32819315V

- **Razón social:** Bribes pequeño 21A
- **Email a efectos de comunicación:** istorrado@gmail.com
- **Fecha de presentación:** 12/06/2023 00:22:39
- **Lote:** 1
  - **Nombre del lote:** Grupos artísticos y dirección artística
  - **Estado del lote:** Excluido
  - **Valoración del lote:** 0.0

  **Lote:** 2
  - **Nombre del lote:** Servicios y suministros necesarios para la producción del festival.
  - **Estado del lote:** Excluido
  - **Valoración del lote:**

***1.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores en el procedimiento con número de expediente 2023/C004/000017 para adjudicar el contrato de Contratación artística y la producción del VI Festival "Temple Jazz 2023". Lote 1.***

*Comprobado por el órgano de asistencia que el licitador aporta la declaración responsable debidamente cubierta conforme al anexo II del PCAP, se procede a la apertura de la oferta económica, con el siguiente resultado:*

*"(…)*

| Importe total sin IVA | IVA 21% | Importe total con IVA |
|---|---|---|
| 12.800,15 € | 2.688,03 € | 15.488,18 € |

*4º.- Se designa el/la siguiente **director/a artístico/a**:*

*_Amador García Silva (Nani García) 32413880A*

*Los méritos del candidato que ejercerá la dirección artística son:*

*- Número de publicaciones discográficas en las que figure como intérprete: 21.*
*-Número de composiciones musicales realizadas para cualquier medio de difusión (TV, cine, documentales, teatro, obras para concierto y similares): 737.*
*- Experiencia en el asesoramiento de festivales de música jazz en los que intervenga cualquier administración pública: 4,4,1 y 6 ediciones.*

*(…)"*

***2.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores en el procedimiento con número de expediente 2023/C004/000017 para adjudicar el contrato de Contratación artística y la producción del VI Festival "Temple Jazz 2023". Lote 2.***

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNogb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Comprobado por el órgano de asistencia que el licitador aporta la declaración responsable debidamente cubierta conforme al anexo II del PCAP, se procede a la apertura de la oferta económica, con el siguiente resultado:*

*"(…)*

| Importe total sin IVA | IVA 21% | Importe total con IVA |
|---|---|---|
| 22.791,70 € | 4.786,25 € | 27.577,95 € |

***4º.- Mejoras en la sonorización el evento por estimarse que implica un incremento en la calidad del servicio:***

*- Ofrezco un número de monitores en el escenario de 10, lo cual supone un incremento de 5 monitores respecto de los 5 exigidos como mínimo.*
*- Ofrezco un número de técnicos de sonido de 5 lo cual supone un incremento de 4 técnico respecto de del técnico (1) exigido como mínimo.*

***5º.- La experiencia del/la interlocutor/a** propuesto/a como comisario de producción en eventos de características similares.*

*Se designa el/la siguiente interlocutor/a como comisario/a de producción en eventos de características similares:*

*José Luis Torrado Rodriguez*

*- La persona designada cuenta con un número de 3 eventos similares.*
*- La persona designada cuenta con un número de 3 ediciones.*

*Aporta la siguiente documentación justificativa para acreditar la experiencia:*

*- Certificado expedido o visado por el órgano competente, cuando el destinatario del servicio sea una entidad del sector público, o certificado o declaración del empresario, en su caso, en la que conste: - Denominación del evento, ayuntamiento o lugar de celebración y actividad principal del evento.*

*- Ediciones del evento en las que ejerció el interlocutor propuesto como comisario de producción, indicando expresamente: año, fechas concretas de duración y número de artistas participantes en cada edición".*

***3.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores en el procedimiento con número de expediente 2023/C004/000017 para adjudicar el contrato de Contratación artística y la producción del VI Festival "Temple Jazz 2023". LOTE 1.***

*Se comprueba que la oferta económica presentada (12.800,15 euros sin IVA, 15.488,18 euros IVA incluído) excede del presupuesto base de licitación establecido en la cláusula 5 del PCAP y apartado 3 del cuadro de características que consta en dicho PCAP (11.716,00 euros sin IVA, 14.176,36 IVA incluído) por lo que procede la exclusión de dicha oferta de conformidad con lo establecido en la cláusula*

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*16.2 del PCAP, que establece que "si alguna proposición (…) excediese del presupuesto base de licitación (…) será desechada por la mesa, en resolución motivada".*

*A mayor abundamiento, tal y como señaló el Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid en su Resolución nº 266/2019, de 26 de junio:*

*"(…)*

*Como señaló este Tribunal en su Resolución 254/2019 de 19 de junio, cabe citar el criterio expresado en la Resolución del TACRC 175/2015, de 20 de febrero que indica: "Por lo que respecta al presupuesto base de licitación, cuyo importe debe reflejarse en el PCAP (art. 67.2.b) del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por R.D. 1098/2001, de 12 de octubre - RGLCAP), constituye el importe máximo limitativo del compromiso de gasto para el órgano de contratación y se erige así en límite que no puede ser superado por las ofertas de los licitadores. Así, en el art. 84 del citado RGLCAP se establece, entre otros supuestos, el rechazo de aquellas proposiciones que excediesen del presupuesto base de licitación, habiendo reiterado este Tribunal, en distintas resoluciones, la procedencia de excluir las ofertas que incurran en este supuesto. Cabe traer a colación, a tal respecto, nuestra Resolución nº 64 /2012, de 7 de marzo, en la que se indicaba que la necesidad de adaptación de las proposiciones al contenido de los pliegos es más evidente en relación a la oferta económica, la cual está sujeta a dos requisitos, uno material, puesto que no puede exceder del presupuesto base de licitación, y otro formal, ya que debe atenerse al modelo establecido en los pliegos sin introducir en él variaciones sustanciales. El límite material es estricto y no admite flexibilidad salvo en aquellos supuestos en que los propios pliegos hayan permitido variantes y, específicamente, hayan previsto que las mismas podrán superar el presupuesto de licitación (opción de marcado carácter excepcional, en tanto se dificulta el elemento de comparación de ofertas). Asimismo, en la Resolución nº 726/2014, de 3 de octubre, poníamos de manifiesto que la superación del precio de licitación debe dar lugar a la exclusión del licitador que lo hace, y señalábamos que constituye un criterio consolidado en la doctrina de este Tribunal (Resoluciones 509/2014, de 4 de julio, 27/2010, de 9 de diciembre ó 94/2011, de 30 de marzo), la que sostiene que ha de considerarse correctamente rechazada aquella oferta que supere el precio de licitación en cualquiera de sus partidas. El presupuesto base de licitación se erige así en límite máximo para las ofertas económicas de los licitadores, procediendo la exclusión de aquéllas que superen dicho límite. En el mismo sentido se expresa el Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de Andalucía en su Resolución 171/2017, de 11 de septiembre y el Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Aragón en su Resoluciones número 50/2017, de 19 de abril y 43/2018 de 18 de junio.*

*(…)".*

*En consecuencia, el órgano de asistencia propone al órgano de contratación la adopción del siguiente **ACUERDO**:*

*Excluir del lote 1 de la contratación artística y la producción del VI Festival "Temple Jazz 2023" la única oferta presentada por José Luis Torrado Rodriguez, NIF 328****5V (12.800,15 euros sin IVA, 15.488,18 euros IVA incluído), por exceder el presupuesto base de licitación correspondiente a dicho lote 1 (11.716,00 euros sin IVA, 14.176,36 IVA incluído). Ello, de conformidad con lo establecido en la cláusula 16.2 del PCAP que establece que "si alguna proposición (…) excediese del presupuesto base de licitación (…) será desechada por la mesa, en resolución motivada".*

***4.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores en el procedimiento con número de expediente***

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

***2023/C004/000017 para adjudicar el contrato de Contratación artística y la producción del VI Festival "Temple Jazz 2023". LOTE 2****.*

*Se comprueba que la oferta económica presentada (22.791,70 euros sin IVA, 27.577,95 euros IVA incluído) supera el presupuesto base de licitación establecido en la cláusula 5 del PCAP y apartado 3 del cuadro de características que consta en dicho PCAP (20.846,59 euros sin IVA, 25.224,37 IVA incluído) por lo que procede la exclusión de dicha oferta de conformidad con lo establecido en la cláusula 16.2 del PCAP, que establece que "si alguna proposición (…) excediese del presupuesto base de licitación (…) será desechada por la mesa, en resolución motivada".*

*A mayor abundamiento, se reitera lo expresado por el Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid en su Resolución nº 266/2019, de 26 de junio, parcialmente transcrita con anterioridade.*

*En consecuencia, el órgano de asistencia propone al órgano de contratación la adopción del siguiente **ACUERDO**:*

*Excluir del lote 2 de la contratación artística y la producción del VI Festival "Temple Jazz 2023" la única oferta presentada por José Luis Torrado Rodriguez, NIF 328****5V (22.791,70 euros sin IVA, 27.577,95 euros IVA incluído), por exceder el presupuesto base de licitación correspondiente a dicho lote 2 (20.846,59 euros sin IVA, 25.224,37 IVA incluído). Ello, de conformidad con lo establecido en la cláusula 16.2 del PCAP que establece que "si alguna proposición (…) excediese del presupuesto base de licitación (…) será desechada por la mesa, en resolución motivada".*

***5.- Propuesta adjudicación correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores en el procedimiento con número de expediente 2023/C004/000017 para adjudicar el contrato de Contratación artística y la producción del VI Festival "Temple Jazz 2023".***

*A la vista del contenido de los actos anteriores, el órgano de asistencia propone al órgano de contratación la adopción del siguiente **ACUERDO**:*

***Primeiro:** Declarar desierto, por falta de licitadores, los lotes 1 y 2 del expediente de contratación núm. 2023/C004/000017, correspondiente a la Contratación artística y la producción del VI Festival "Temple Jazz 2023", conforme a lo establecido en el artículo 150.3 in fine, y concordantes, de la Ley 9/2017, del 8 de noviembre, de contratos del sector público (LCSP).*

***Segundo:** Publicar el presente acuerdo de declaración de desierto en la Plataforma de Contratación del Sector Público, en el que se aloja el Perfil del Contratante del Ayuntamiento de Cambre, de conformidad con lo establecido en el artículo 63.3.e) da LCSP.*

*(…)".*

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta  a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Excluír do lote 1 da contratación artística e a produción do VI Festival "Temple Jazz 2023" a única oferta presentada nesta licitación, cuxo licitador é José Luis Torrado Rodriguez, NIF 328***5V, quen oferta un importe de 12.800,15 euros sen IVE, 15.488,18 euros IVE incluído, por exceder o orzamento base de licitación

FIRMADO POR  Pilar María Pastor Novo  (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) ,  Óscar Alfonso García Patiño  (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNogb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

correspondente ao devandito lote 1 (11.716,00 euros sen IVE, 14.176,36 IVE incluído); isto, de conformidade co establecido na cláusula 16.2 do PCAP que di que *"se algunha proposición (…) excedese do orzamento base de licitación (…) será rexeitada pola mesa, en resolución motivada"*.

**Segundo:** Excluír do lote 2 da contratación artística e a produción do VI Festival "Temple Jazz 2023" a única oferta presentada nesta licitación, cuxo licitador é José Luis Torrado Rodriguez, NIF 328***5V, quen oferta un importe de 22.791,70 euros sin IVA, 27.577,95 euros IVA incluído, por exceder o orzamento base de licitación correspondente ao devandito lote 2 (20.846,59 euros sin IVA, 25.224,37 IVA incluído); isto, de conformidade co establecido na cláusula 16.2 do PCAP que di que *"se algunha proposición (…) excedese do orzamento base de licitación (…) será rexeitada pola mesa, en resolución motivada"*.

**Terceiro:** Declarar deserto, por falta de licitadores, os lotes 1 e 2 do expediente de contratación núm. 2023/C004/000017, correspondente á Contratación artística e á producción del VI Festival "Temple Jazz 2023", conforme ao establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Ley 9/2017, del 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Cuarto**: Publicar este acordo na Plataforma de Contratación del Sector Público, onde se aloxa o Perfil do Contratante do Concello de Cambre, de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.

**Quinto:** Dar traslado desta resolución, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato, o coordinador de actividades culturais e educativas, e á intervención municipal.

**Sexto**: Notificar esta resolución ao licitador .

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 7 de xullo de 2023 (CVD: +W8Qz55saOK4i9dU+PDC), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## 4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 9 de xuño ao 13 de xullo de de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía en funcións

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

núm. 1021/2023 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior núm. 1230/2023, segundo se relacionan a continuación:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|---|---|---|
| 1021/2023 | 09-06-2023 | Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención JUA núm. 228/2023 - reparo 64 R, de data 8 de xuño de 2023. Autorizar, dispor e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes por importe de 20.651,07 euros |
| 1022/2023 | 09-06-2023 | Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación por atoparse no período de suspensión de 6 meses tras levar 18 recibindo a axuda. Solicitante: GYQN |
| 1023/2023 | 09-06-2023 | Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención JUA núm. 229/2023 - reparo 65 R, de 8 de xuño de 2023. Autorizar, dispor e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes por importe total de 59.875,02 euros |
| 1024/2023 | 09-06-2023 | Denegar a axuda de emerxencia social para gastos farmaceuticos por non constituír unha solución axeitada ou non resolver de forma significativa a necesidade formulada. Solicitante: MCC |
| 1025/2023 | 09-06-2023 | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JLPV |
| 1026/2023 | 09-06-2023 | Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MMMM |
| 1027/2023 | 09-06-2023 | Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MPFM |
| 1028/2023 | 09-06-2023 | Renovar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante:AAM |
| 1029/2023 | 09-06-2023 | Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros 14.06.2023 |
| 1030/2023 | 09-06-2023 | Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión de Honores e Distincións 14.06.2023 |
| 1031/2023 | 09-06-2023 | Convocatoria da sesión conxunta extraordinaria das Comisións Informativas Permanentes 14.06.2023 |
| 1032/2023 | 09-06-2023 | Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 14 de xuño de 2023 (última sesión Corporación 2019-2023) |
| 1033/2023 | 09-06-2023 | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de xuño de 2023 |
| 1034/2023 | 09-06-2023 | Corrixir o erro no apartado primeiro da resolución núm. 1.060/2021 do concelleiro-delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 28 de xuño de 2021 pola que se resolve “Conceder á entidade SI, S.L. con licenza para a división do local comercial de 151,55 $m^2$ sita na rúa Amil, nº 6. escaleira 1. Baixo esquerda, parroquia de Cambre, que se indica a continuación: Onde di 151,55 $m^2$ debe dicir 171 $m^2$ , onde di 75,40 $m^2$ debe dicir 84,25 $m^2$ e onde di 76,15 $m^2$ debe dicir 86,75 $m^2$ |
| 1035/2023 | 09-06-2023 | Adxudicar o contrato menor a Culturactiva Sociedade Coop Galega, por importe de 3.239,67 € (IVE excluído); 3.920,00 (IVE incluído). |

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|---|---|---|
| | | das actuacións "Cacho animalada", "Voo" e "Bravas". Rede cultural 2023 |
| 1036/2023 | 13-06-2023 | Rectificar o parágrafo primeiro da parte dispositiva da Resolución do concelleiro delegado da área de Educación Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade en funcións número 909/2023 |
| 1037/2023 | 12-06-2023 | Renovar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JAGS |
| 1038/2023 | 12-06-2023 | Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: SDTCh |
| 1039/2023 | 12-06-2023 | Conceder a licenza de primeira ocupación para a vivenda sita no lugar de Peiraio, parroquia de Bribes, con licenza de obra nº 01/42/11, concedida por Resolución nº 1404/2012 da concelleira delegada da Area de Urbanismo e Medio Ambiente de data 05 de outubro de 2012. Solicitante: JLLR |
| 1040/2023 | 12-06-2023 | Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: NCL |
| 1041/2023 | 12-06-2023 | Desestimar as alegacións presentadas por AFP, por canto que non desvirtúan os feitos denunciados, consistentes na realización dun movemento de terras sen título habilitante, téndose constatado que as terras aportadas se utilizaron para a formación dunha base para a instalación do invernadoiro, sen que este feito se contemplara na comunicación previa achegada para a dita instalación |
| 1042/2023 | 12-06-2023 | Estimar parcialmente o recurso presentado por JABR en representación de DY, SL, no que se refire á ausencia de pronunciamiento na resolución recurrida sobre as alegacións realizadas no expediente, e en consecuencia revogar a resolución do concelleiro delegado da área de urbanismo e obras de data 27 de decembro de 2022, desestimándoo nos restantes planteamentos, ao non ser as obras legalizables polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos desta resolución.: Desestimar as alegacións presentadas por canto que as mesmas non desvirtúan os feitos denunciados, consistentes na instalación na fachada do baixo comercial sito na rúa Constitución, O Temple, dun soportal metálico sen título habilitante, sen que o descoñecemento da norma aplicable sexa excusa para o seu cumprimento |
| 1043/2023 | 12-06-2023 | Corrección de erros da convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Honores e Distinicións de data 14.06.2023 |
| 1044/2023 | 13-06-2023 | Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de xuño de 2023 |
| 1045/2023 | 13-06-2023 | Rectificar o parágrafo primeiro da parte dispositiva da Resolución do concelleiro delegado da área de Educación Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade en funcións número 939/2023 |
| 1046/2023 | 12-06-2023 | Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e cerramento de parcela no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre. Solicitante: JRM |
| 1047/2023 | 14-06-2023 | Expedientes sancionadores de tráfico |

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|---|---|---|
| 1048/2023 | 14-06-2023 | Expedientes sancionadores de tráfico |
| 1049/2023 | 14-06-2023 | Convocatoria da sesión de constitución da Corporación Municipal 2023-2027 e de elección de alcalde |
| 1050/2023 | 14-06-2023 | Ampliar en quince días o prazo dun mes establecido para a formulación do correspondente prego de cargos ou proposta de sobresemento no expediente disciplinario incoado ao funcionario JABC por Resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 854/2023 de data 12 de maio de 2023 |
| 1051/2023 | 14-06-2023 | Nomear a JELG conserxe interino, encadrada na escala de Administración xeral, subescala subaleterno, pertencente ao grupo “outras Agupacións Profesionais”, adscrito á Unidade de Réxime Interior por substitución transitoria da titular do posto |
| 1052/2023 | 14-06-2023 | Conceder as autorizacións para exercer a venda ambulante, durante a celebración dos concertos de fin de curso de Sementeira os días 15 e 16 de xuño nas inmediacións do anfiteatro do Parque da Igrexa de Cambre, en horario de 14:00 a 22:00 horas o día 15 e de 10:00 a 22:00 o 16, para a venda de produtos de artesanía. Solicitantes: VPE, JPD, SCG e BMM |
| 1053/2023 | 14-06-2023 | Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de maio de 2023 por importe de 69.368,08 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 69.368,08 euros |
| 1054/2023 | 14-06-2023 | Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 62.508,52 euros |
| 1055/2023 | 15-06-2023 | Desestimar as alegacións presentadas por AFP por canto que: tal e como se deduce do contido do artigo 61 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o invernadoiro ten un destino exclusivo ao uso agrario. Ordenar o cese definitivo no uso do invernadoiro instalado na finca sita en Sarnoso Brexo, como almacén, carecendo de título habilitante, ao non ser o dito uso legalizable polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos desta resolución, de acordo co disposto polos artigos 152.3 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 61 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei |
| 1056/2023 | 15-06-2023 | Aprobar a relación de 2 altas e 2 baixas para participar no Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 no mes de xuño |
| 1057/2023 | 15-06-2023 | Levantar os reparos efectuados pola intervención municipal á vista do informe emitido pola coordinadora da Axencia de Desenvolvemento Local. Avocar a competencia delegada por Resolución da Alcaldía nº 1323 do 1 de xullo de 2019 na concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos para acordar a contratación do persoal proposto. Contratar como auxiliar administrativa a MBVV en réxime laboral temporal, e como peóns de limpeza, no mesmo réxime laboral temporal, a SBP e EHTT, mediante o contrato de traballo temporal para a mellora da |

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 19/07/2023 12:18:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 19/07/2023 12:26:00)
Versión imprimible
CVD: RWpcjEhaSMjeNoqb9ic1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|---|---|---|
| | | ocupabilidade e da inserción laboral a tempo parcial (código 505), cunha duración contractual de nove meses e un porcentaxe de xornada do 75% da xornada a tempo completo comparable |
| 1058/2023 | 15-06-2023 | Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MEBC |
| 1059/2023 | 15-06-2023 | Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: FPR |
| 1060/2023 | 15-06-2023 | Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RVN |
| 1061/2023 | 15-06-2023 | Desestimar o recurso de reposición interposto por AFP confirmando a multa coercitiva imposta, por canto que téndose constatado que, transcorrido con creces o prazo outorgado para a realización da demolición ordenada e a retirada dos materiais depositados na parcela, na data da visita do encargado de obras municipal non estaban executadas a demolición da ampliación da construción auxiliar preexistente, a demolición de varias construcións auxiliares e a retirada dos materiais acopiados; - por outra parte, non resulta posible autorizar unhas obras suxeitas a comunicación previa, xa que unha comunicación previa é o documento no que a persoa interesada pon en coñecemento da administración municipal que reúne os requisitos para realizar unha actuación urbanística, que non está suxeita a previa autorización mediante licenza municipal |
